

Ao xabaril Timoteo
non lle gustaba o aseo.
Cada vez que se lavaba...

OINK, OINK!
gruñía e rosmaba.

Así é que máis dun ano había
que na bañeira non se metía.



Un día pasou pola súa casa
a súa amiga a cabra Tomasa:

—Vou a unha festa elegante,
queres vir de acompañante?

—Abofé que si, irei encantado.
Estou listo e acicalado.



—Pero que dis, toleirán!
Se cheiras a marrán!

Asomouse o mono Cibrán
disposto a botarlle unha man:
—O primeiro que tes que lavar
son os pezuños, sen máis tardar.



Timoteo, amolado,
roñou moi enfurruñado:

OINK, OINK!